



## CARLOS BUXADÉ, CATEDRÁTICO EMÉRITO DA UPM



### "Deberíanse fixar uns prezos mínimos, eliminando a lei da competencia para o sector primario"

Reproducimos a entrevista realizada no noso *stand* na FIMA a Carlos Buxadé, catedrático emérito da Universidade Politécnica de Madrid (UPM) e asesor técnico de Figan, na que fala dos problemas e desafíos aos que se enfrenta o sector agrogandeiro e, en especial, o do vacún leiteiro.

#### Que opinión lle merecen as mobilizacións agrarias que se están desenvolvendo por todo o país?

Está a suceder o que debía suceder, é dicir, isto é unha consecuencia lóxica da falta de rendibilidade, falando sempre en termos xerais. Se nos centramos no vacún de leite, o ano pasado pecharon unha media de dúas explotacións ao día e a isto súmaselle o problema da substitución xeracional. Por unha banda, os pais non queren que os seus fillos conti-

núen e, por outra, a maioría dos mozos non quere traballar nesas condicións. Certo é que houbo un efecto detonante co tema do incremento do salario mínimo interprofesional. O ano pasado subírono un 23 %, agora subírono un 5,6 % e claro, é insoporrible, entón chega un momento no que prende a mecha e alá van todos. Creo que é unha reacción normal que habería que ter previsto. Eu xa anticipei esta situación hai meses e, na miña opinión, continuará.

#### Cal debería ser, ao seu xuízo, a reacción do Goberno ante estas circunstancias?

Non estou moi seguro da resposta. Sempre defendín que a forma de afrontar isto é fixando uns prezos mínimos no sector, o cal significa eliminar a lei da competencia para o sector primario. É que non hai outra! O problema é que isto leva obrigatoriamente a un incremento do prezo de venda ao público. A política dos gobernos, non só deste, senón tamén dos anteriores, foi conseguir prezos baixos dos alimentos e isto, evidentemente, prexudica o elo máis débil, que é o do produtor.

#### E os elos intermedios? Porque estamos a falar de subirlle o prezo ao consumidor...

Aquí hai dúas regras. Unha, ti fixas uns prezos mínimos ao sector primario e dúas, prohibes ir a perdas nos elos intermedios, é dicir, se ti es intermediario e ti baixas prezos do teu diñeiro, está moi ben, pero se ti baixas prezos e mo cargas a min, está moi mal. Porque entón chegamos ao tema das grandes superficies. Eu sempre digo o mesmo:

► "FALTA A CONCIENCIA SOCIAL E O VALOR POLÍTICO PARA ENTENDER QUE A AGRICULTURA E A GANDERÍA NON SON ACTIVIDADES EXCLUSIVAMENTE ECONÓMICAS, SENÓN TAMÉN LOXÍSTICAS"

vostedes, se queren combater, combatan entre vostedes, pero non arrastren a toda a cadea, porque eu son o elo máis débil, detrás de min non hai ninguén e, evidentemente, teño que aguantar. Eu teño leite, teño ovos... e que fago con eles? Pois teñen que saír ao mercado como sexa e iso non pode ser, é dicir, hai unha inxustiza manifesta na estrutura.

**Agora, ademais, súmase outro problema que chega desde Europa. Marcha o Reino Unido da UE, estímense unhas baixadas brutais da PAC... Como se lle vai facer fronte a esta nova situación?**

Iso ten un mar de fondo moito máis grande e é que os grandes países pagadores non queren pagar. Falta a conciencia social e o valor político para entender que a agricultura e a gandería non son actividades exclusivamente económicas, senón tamén loxísticas e, como tales, custan diñei-

ro e habemos de contribuír a iso para manter a poboación no medio rural, manter o medio ambiente, manter a terra, manexar ben a auga etc. Por suposto, a marcha do Reino Unido é un problema, pero o problema está, sobre todo, nos grandes países pagadores. Transfórmase unha realidade loxística nunha realidade política e, entón, amolámola.

**No marco de toda esta situación política, social e económica celébrase esta Feira Internacional de Maquinaria Agrícola. Que propostas está a ver este ano?**

O que estou a ver é o incremento da tecnoloxía, a cal comporta incremento de custos, como é natural. Hai moita máis presenza electrónica que antes e hai máis dimensións, pero, claro, se temos unha explotación de cinco hectáreas, como vou poder eu aplicar maquinaria desa dimensión? Estamos ante unha contradición. ►►



**EMBRIOVET SL** es un equipo veterinario especializado en servicios de transferencia embrionaria en ganado bovino de leche y de carne

## Nuestras instalaciones en Betanzos incluyen un avanzado laboratorio de fecundación *in vitro*

Le ayudamos a desarrollar el programa genético de su explotación:

- **Diseño** del programa genómico
- **Creación de índices genéticos** personalizados
- **Asesoramiento genético completo.** Programa de acoplamiento
- **Programa de Transferencia de embriones:**
  - *Flushing* y transferencia o congelación de embriones
  - Producción de embriones *in vitro*: OPU-FIV
  - Programa de rescate genético
- **Comercio de embriones:**
  - Nacional
  - Importación/Exportación

[www.embriomarket.com](http://www.embriomarket.com)  
[administracion@embriovet.com](mailto:administracion@embriovet.com)  
 981 791 843 649 239 488



- 2 laboratorios móviles con base en Galicia
- Servicio en toda la península e islas españolas
- Veterinarios especializados en tecnologías reproductivas al más alto nivel

En nuestras instalaciones en Betanzos (A Coruña) ofrecemos toda la tecnología embrionaria, abarcando la fecundación *in vitro* en todas las facetas.

**Profundemos nesa contradición...**

Estes días celebrouse aquí o sétimo foro de desenvolvemento rural, no que se está defendendo a explotación familiar, e eu digo, explotación familiar si, sempre que sexa rendible. E para ser rendible hai que facer investimentos, os cales existen dimensión e produción para poder amortizalos, entón non hai máis remedio que concentrar, salvo que queiramos manter a explotación familiar como sexa e a subvencionemos, pero se xa temos problemas co diñeiro da PAC, imaxínate aquí... Ao final hai unha contradición entre unha vontade político-social e unha realidade económica, e como eu explico sempre na escola de negocios, o diñeiro non ten corazón, ten peto e pernas, así que non confundamos: falemos de explotación rendible con man de obra familiar e estaremos todos de acordo.

**A FIMA ofrece tecnoloxía de última xeración, pero está o sector agrogandeiro suficientemente preparado para facer uso de todos estes avances que se poñen á súa disposición?**

Esta é outra gran cuestión. Levo tempo dicindo que en dez, quince ou vinte anos máximo non haberá campesiños nin gandeiros, senón robots, e o que haberá é xente tecnoloxicamente preparada que dirixirá todo isto. Hoxe en día, moitos non están preparados; se ves as enquisas, en agricultura practicamente con título superior hai o 20 %, un 70 % é xente que aprendeu sobre o terreo e así é difícil asumir a tecnoloxía. Existe un gran déficit en formación.

**Entón, está a recaer a formación nas propias compañías que ofrecen esta tecnoloxía?**

Non teñen máis remedio, porque, se non, os seus clientes non saben manexar o que compran. Estes días na feira algunha xente dime: “E isto como se manexa? Como o amortizo?”. Eu vivín moito tempo nos Estados Unidos, alí faise unha cooperativa, faise unha unidade de maquinaria onde ti vas e alugas a máquina co chofer... É outra historia, pero aquí colles un “cacharro” de 170 cabalos, e que fas ti na túa explotación? Todos eses factores ao final pesan. O que si vexo é moita inquietude entre a xente nova. Ten que haber un salto cara a adiante nisto. Por unha

▶ **“HAI QUE EXPLICARLLE Á XENTE QUE O ZUME DE SOIA NON SERVE PARA NADA, MENTRES QUE O LEITE SERVE PARA ALIMENTARSE”**

banda, os vellos témonos que retirar e, por outra, os mozos téñense que formar e coller o testemuño.

**Volvendo ao vacún de leite, o ano pasado comentábanos en Figan que un dos asuntos pendentes do sector era o de incrementar o consumo de leite e dos seus derivados, para o que tiña que facerse un esforzo institucional, sectorial e social. Avanzouse ou retrocedeuse neste traballo colectivo?**

Para empezar creo que non se está facendo o esforzo adecuado. En segundo lugar, incrementáronse os competidores, os mal chamados leite de soia, leite de amendoas... que me poño dos nervios en canto oio a palabra leite. Son zumes ou bebidas! Segundo tema, moi importante, os prescitores non son leais na prescrición. Hai que explicarlle á xente que o zume de soia non serve para nada, mentres que o leite serve para alimentarse. Entón a xente dime: “Si, pero é que o leite é para os tenreiros”. E entramos na grande onda de que o leite é da vaca, o ovo é da gallina... E logo as historias de se non quero tanta graxa, que se a lactosa... Deixádevos de historias e de contar-me milongas!

Ao final, todo isto é un problema cultural e de intereses. Non perdas nunca de vista que cando saíu o tema dos prións, a algúns de nós ofrecéusenos moitísimo diñeiro para que atopásemos prións no leite co único fin de eliminalo. Porque claro, se ti quitas o leite de vaca, eu, evidentemente, venderei moito máis

zume de soia. Entón, o que quero dicir é que debaixo de todo iso sempre subxacen intereses propios. E non esquezamos a frase de George Soros: “As grandes fortunas fanse canda os grandes desastres”. Non hai que esquecelo nunca.

**En Vaca Pinta temos xa a vista posta na próxima edición de Figan. Que nos pode adiantar ao respecto?**

Pois xa fixemos o primeiro comité e agora estamos a meditar se abrimos un pavillón con produtos xerados polas grandes compañías que expoñen aquí. Ao gandeiro agrádalle ver o produto que xeran as empresas que o atenden, así que eu creo que esa sería unha boa oportunidade de negocio. Tamén queremos potenciar máis as reunións técnicas e cambiar un pouco a forma de outorgar os premios. Hoxe estiven falando co profesor Luis Márquez [presidente do xurado do Concurso de Novidades Técnicas de FIMA], porque el tivo 120 solicitudes e estudar isto a fondo é complicado. Nós en Figan tamén temos xa bastantes e hai que afinar moi ben que é unha mellora, que é unha innovación... Temos bastantes ideas para actualizar, porque temos claro que a dez ou quince anos vista a feira vai ser totalmente distinta.

**Distinta en que sentido?**

Eu véxoa virtual. E non é polo coronavirus, eh!, senón porque o mundo evoluciona por aí. Iso é o que temos en mente nestes momentos e aí estamos. Temos aínda un ano para preparar todos os detalles. ■